

**1) Identificación da programación**

**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	IES Politécnico de Vigo	Vigo	2023-2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMA	Instalación e Mantemento	CS17004	Prevención de Riscos Profesionais	superior	LIBRE

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración**

Código	Nome	Curso	Sesión semanas	Horas anuais	Sesión anuais
CS0FOL	FOL	2023/24		55	

**Profesorado responsable**

<b>Elaboración</b>	Rosario Cid Pérez
<b>Impartición</b>	Rosario Cid Pérez

**2) Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación**

**a) Primeira parte da proba**

**i) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

<b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>
▪ RA 1 Determinar actuacións preventivas e/o de protección minimizando os factores de risco e as consecuencias para a saúde e o medio ambiente que producen.
▪ RA 2 Aplicar as medidas sanitarias básicas inmediatas no lugar do accidente en situacións simuladas.
▪ RA 3 Diferenciar as modalidades de contratación e aplicar procedementos de inserción na realidade laboral como traballador por conta allea ou por conta propia
▪ RA 4 Orientarse no mercado de traballo, identificando as súas propias capacidades e intereses e o itinerario profesional máis idóneo.
▪ RA 5 Interpretar o marco legal do traballo e distinguir os dereitos e obrigacións que se derivan das relacións laborais.
▪ RA 6 Interpretar os datos da estrutura socioeconómica española, identificando as diferentes variables implicadas e as consecuencias das súas posibles variacións.
▪ RA 7 Analizar a organización e a situación económica dunha empresa do sector, interpretando os parámetros económicos que a determinan.

**ii) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados por parte do alumnado**

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
▪ CA 1.1 Identificar as situacións de risco máis habituais no seu ámbito de traballo, asociando as técnicas xerais de actuación en función das mesmas.
▪ CA 1.2 Clasificar os danos á saúde e ao medio ambiente en función das consecuencias e dos factores de risco máis habituais que os xeran.

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.3 Propoñer actuacións preventivas e/o de protección correspondentes aos riscos máis habituais, que permitan diminuír as súas consecuencias</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 2.1 Identificar a prioridade de intervención no suposto de varios lesionados ou de múltiples lesionados, conforme ao criterio de maior risco vital intrínseco de lesións.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 2.2 Identificar a secuencia de medidas que deben ser aplicadas en función das lesións existentes no suposto anterior.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 3.1 Identificar as distintas modalidades de contratación laboral existentes no seu sector produtivo que permite a lexislación vixente.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 3.2 Nunha situación dada, elixir e utilizar adecuadamente as principais técnicas de procura de emprego no seu campo profesional.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 3.3 Identificar e cumprimentar correctamente os documentos necesarios e localizar os recursos precisos, para constituírse en traballador por conta propia.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA4.1 identificar e avaliar as capacidades, actitudes e coñecementos propios con valor profesionalizador.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 4.2 Definir os intereses individuais e as súas motivacións, evitando, no seu caso, os condicionamentos por razón de sexo ou doutra índole.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 4.3 Identificar a oferta formativa e a demanda laboral referida aos seus intereses.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 5.1 Empregar as fontes básicas de información do dereito laboral (Constitución, Estatuto dos Traballadores, Directivas da Unión Europea, Convenio Colectivo,...) distinguindo os dereitos e as obrigacións que lle incumben.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 5.2 Interpretar os diversos conceptos que interveñen nunha «Liquidación de haberes»..</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA5.3 En un suposto de negociación colectiva tipo: Describir o proceso de negociación. Identificar as variables (salariais, seguridade e hixiene, produtividade, tecnolóxicas,...) obxecto de negociación. Describir as posibles consecuencias e medidas, resultado da negociación. Identificar as prestacións e obrigacións relativas a la Seguridade Social.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 6.1A partir de informacións económicas de carácter xeral: Identificar as principais magnitudes macroeconómicas e analizar as relacións existentes entre elas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 7.1 Explicar as áreas funcionais dunha empresa tipo do sector, indicando as relacións existentes entre elas.</li> </ul>

- CA7.2 A partir da memoria económica dunha empresa: Identificar e interpretar as variables económicas máis relevantes que interveñen na mesma. Calcular e interpretar as cocientes básicas (autonomía financeira, solvencia, garantía e financiamento do inmovilizado,...) que determinan a situación financeira da empresa. Indicar as posibles liñas de financiamento da empresa.

**b) Segunda parte da proba**

**i) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultados de aprendizaxe do currículo
▪ RA 1 Determinar actuacións preventivas e/o de protección minimizando os factores de risco e as consecuencias para a saúde e o medio ambiente que producen
▪ RA 2 Aplicar as medidas sanitarias básicas inmediatas no lugar do accidente en situacións simuladas.
▪ RA 3 Diferenciar as modalidades de contratación e aplicar procedementos de inserción na realidade laboral como traballador por conta allea ou por conta propia
▪ RA 4 Orientarse no mercado de traballo, identificando as súas propias capacidades e intereses e o itinerario profesional máis idóneo.
▪ RA 5 Interpretar o marco legal do traballo e distinguir os dereitos e obrigacións que se derivan das relacións laborais.
▪ RA 6 Interpretar os datos da estrutura socioeconómica española, identificando as diferentes variables implicadas e as consecuencias das súas posibles variacións.
▪ RA 7 Analizar a organización e a situación económica dunha empresa do sector, interpretando os parámetros económicos que a determinan.

**ii) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados por parte do alumnado**

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 1.1 Identificar as situacións de risco máis habituais no seu ámbito de traballo, asociando as técnicas xerais de actuación en función das mesmas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 1.2 Clasificar os danos á saúde e ao medio ambiente en función das consecuencias e dos factores de risco máis habituais que os xeran.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.3 Propoñer actuacións preventivas e/o de protección correspondentes aos riscos máis habituais, que permitan diminuír as súas consecuencias</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 2.1 Identificar a prioridade de intervención no suposto de varios lesionados ou de múltiples lesionados, conforme ao criterio de maior risco vital intrínseco de lesións.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 2.2 Identificar a secuencia de medidas que deben ser aplicadas en función das lesións existentes no suposto anterior.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 3.1 Identificar as distintas modalidades de contratación laboral existentes no seu sector produtivo que permite a lexislación vixente.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 3.2 Nunha situación dada, elixir e utilizar adecuadamente as principais técnicas de procura de emprego no seu campo profesional.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 3.3 Identificar e cumprimentar correctamente os documentos necesarios e localizar os recursos precisos, para constituírse en traballador por conta propia.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA4.1 Identificar e avaliar as capacidades, actitudes e coñecementos propios con valor profesionalizador.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 4.2 Definir os intereses individuais e as súas motivacións, evitando, no seu caso, os condicionamentos por razón de sexo ou doutra índole.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 4.3 Identificar a oferta formativa e a demanda laboral referida aos seus intereses.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA 5.1 Empregar as fontes básicas de información do dereito laboral (Constitución, Estatuto dos Traballadores, Directivas da Unión Europea, Convenio Colectivo,...) distinguindo os dereitos e as obrigacións que lle incumben.</li> </ul>

▪ CA 5.2 Interpretar os diversos conceptos que interveñen nunha «Liquidación de haberes»..
▪ CA5.3 Nun suposto de negociación colectiva tipo: Describir o proceso de negociación. Identificar as variables (salariais, seguridade e hixiene, produtividade, tecnolóxicas,...) obxecto de negociación. Describir as posibles consecuencias e medidas, resultado da negociación. Identificar as prestacións e obrigacións relativas á Seguridade Social.
▪ CA 6.1A partir de informacións económicas de carácter xeral: Identificar as principais magnitudes macroeconómicas e analizar as relacións existentes entre elas
▪ CA 7.1Explicar as áreas funcionais dunha empresa tipo do sector, indicando as relacións existentes entre elas.
▪ CA7.2A partir da memoria económica dunha empresa: Identificar e interpretar as variables económicas máis relevantes que interveñen na mesma. Calcular e interpretar as cocientes básicas (autonomía financeira, solvencia, garantía e financiamento do inmovilizado,...) que determinan a situación financeira da empresa. Indicar as posibles liñas de financiamento da empresa.

### 3) Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

#### Criterios de cualificación e mínimos esixibles

- Saúde laboral, condicións de traballo segura, primeiros auxilios.**
  - Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
  - Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais.
  - Relacionáronse as condicións de traballo coa saúde.
  - Identifícanse e relacionáronse as técnicas preventivas cos riscos laborais.
  - Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.

- Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.
- Identificáronse as medidas de prevención asociadas a cada tipo de risco

**Dereito do traballo e da seguridade social e procura de emprego**

- Precísouse a forma de aplicación das diferentes normas laborais ás relacións de traballo.
- Describíronse os elementos esenciais do contrato de traballo.
- Diferenciáronse os requisitos e finalidade do contrato en prácticas e do de formación.
- Formalizáronse os modelos de contrato: en prácticas, de formación, a tempo parcial e de duración determinada.
- Identificáronse os colectivos de traballadores con dereito a bonificacións nos contratos
- Definíronse os conceptos retributivos que compoñen unha nómina ou recibo de salarios.
- Calculouse unha nómina sinxela
- Entendeuse que a relación laboral pode estar suxeita a unha serie de modificacións.
- Distinguiuse a suspensión da extinción do contrato de traballo.
- Calculáronse indemnizacións por despido en supostos sinxelos
- Precísáronse os órganos de representación dos traballadores no ámbito da empresa, concretando as formas de lección, as súas competencias e garantías.
- Categorizáronse as prestacións da Seguridade Social identificando os requisitos necesarios para ser beneficiarios.
- Calculáronse prestacións por desemprego e IT en supostos sinxelos
- Apreciáronse as diferentes características e funcións dos distintos tipos de formación: regrada, ocupacional e continua.

- Identifícanse os seus intereses, aptitudes e competencias no campo profesional escollido.
- Identifícanse as diferentes fontes de información na busca de emprego.
- Elaborouse correctamente un currículo vitae e a carta de solicitude que a acompaña.
- Respondéronse de forma adecuada preguntas tipo nunha entrevista de traballo
- Respectouse aos compañeiros no traballo en grupo e á hora de participar nas actividades de clase

**Principios de economía, economía e organización de empresa.**

- Identificouse o que é a economía e os seus principios
- Elaboráronse correctamente supostos sobre fondo de manobra e enténdese a situación de equilibrio financeiro.
- Determinouse o funcionamento do mercado.
- Identificouse a importancia da Unión Europea

**MATERIAL DE REFERENCIA PARA A PREPARACIÓN DO MÓDULO:**

- Manuais de FOL debidamente actualizados.
- Constitución Española, de 6.12.78
- Lei 8/80, de 10 de marzo, Estatuto dos Traballadores, en redacción dada polo RDL 2/2015, de 23 de outubro, actualizada; RDL 5/2000, de 4 de agosto, en redacción actualizada, sobre infraccións e sancións na orde laboral; RDL 3/2015, de 23 de outubro, sobre o Emprego.
- L.O. 3/2007, de 22 de marzo sobre Igualdade e normativa de desenvolvemento.
- Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais redacción actualizada.



- Normativa existente sobre contratación e manuais actualizados do INEM e Servizo Galego de Emprego.
- Lei Orgánica para a mellora da calidade educativa, 8/2013 de 9 de decembro e manuais e materiais sobre currículos, cartas de presentación, entrevistas e demais instrumentos utilizados para a busca de emprego.

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E EXAMES**

O alumnado deberá facer dúas probas escritas:

- 1º proba teórica
- 2º proba práctica

Para cualificar estas probas escritas terase en conta o seguinte:

- Cada proba escrita estará baseada nos contidos teóricos e prácticos atendendo aos criterios de avaliación que establece o currículo.
- Terá unha duración de 3 sesións.
- O alumno/a deberá coidar a presentación, orde e claridade nas respostas así como a necesidade de empregar con propiedade o vocabulario propio da materia e de evitar erros ortográficos.
- Nas PREGUNTAS CURTAS valorarase especialmente a precisión e concisión na resposta; é dicir, contestar ao que se pregunta. A falta de xustificación ou dun exemplo nos casos nos que se pida considerarase como resposta incompleta e baixarase a puntuación.
- Nas PREGUNTAS DE DESENVOLVEMENTO, ademais de considerar a medida en que se axusta ao contido da resposta ao que se pregunta, a valoración se graduara atendendo á claridade expositiva, a utilización axeitada dos conceptos fundamentais e o emprego do vocabulario específico do módulo.

- No caso de haber PREGUNTAS TIPO TEST so haberá unha opción correcta e as respostas incorrectas terán unha valoración negativa. Se unha pregunta correcta vale 1 punto, as pregunta incorrectas restarán 0,25 puntos.
- Na parte práctica se plantexarán CASOS PRÁCTICOS relacionados co contido do módulo.
- Na parte práctica se pedirá a confección dunha nómina, a liquidación de haberes e cálculo de prestacións da seguridade social.
- Durante a realización das probas non se poderán empregar móbiles, tabletas, reloxos intelixentes ou outros dispositivos análogos, debendo estes permanecer apagados ou en modo silencio. Devanditos dispositivos deberán permanecer nun lugar visible pola profesora durante a realización da proba.
- Durante a realización das probas a profesora poderá requirir ao alumnado a presentación do DNI o documento análogo de identificación.

A **NOTA FINAL DO MÓDULO** obterase do seguinte xeito:

- O alumnado ten que obter unha cualificación mínima de 5 puntos en cada proba.

Media aritmética da cualificación acadada en cada unha das probas.

#### 4) Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba consistirá na realización denominarase **EXAME PARTE TEÓRICA** e consistirá nunha proba escrita baseada no contido do módulo e se aplicarán os criterios de avaliación indicados.

Na proba da parte teórica poderá haber preguntas curtas, de desenvolvemento o incluso tipo TEST.

Para a súa confección só se poderá utilizar papel e bolígrafo, sen que estea permitido utilizar no seu lugar teléfonos ou outros dispositivos análogos que deberán permanecer apagados e nun lugar visible para a profesora durante a realización do exame. A profesora poderá requirir ao alumnado que se identifique ao inicio da proba.

O día, hora e lugar desta proba indicárase oportunamente nos taboleiros do IES POLITÉCNICO así como a cualificación obtida.

Para superar a proba o alumnado debe obter unha cualificación mínima de 5 para poder facer a parte práctica.

#### 4.b) Segunda parte da proba

A segunda parte da proba consistirá na realización denominarase **EXAME PARTE PRÁCTICA** e consistirá nunha proba escrita baseada no contido do módulo e se aplicarán os criterios de avaliación indicados.

Incluirá casos prácticos a resolver, que poderán incluír exercicios de cálculo numérico.

Para a súa confección só se poderá utilizar papel e bolígrafo e, no seu caso, calculadora simple, sen que estea permitido utilizar no seu lugar teléfonos ou outros dispositivos análogos que deberán permanecer apagados e nun lugar visible para a profesora durante a realización do exame. A profesora poderá requirir ao alumnado que se identifique ao inicio da proba.

O día, hora e lugar desta proba indicárase oportunamente nos taboleiros do IES POLITÉCNICO.

Para superar a proba o alumnado debe obter unha cualificación mínima de 5. A cualificación será publicada no taboleiro do instituto.

*Vigo, 22 de abril de 2024*



*Fdo: Rosario Cid Pérez*